

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MUSEO DE HISTORIA NATURAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## I. Denominación, fins, domicilio e ámbito

### *Artigo 1º*

- I. Coa denominación de Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela constitúese unha Asociación Cultural sen ánimo de lucro, que se rexerá polos presentes Estatutos e pola lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, que regula o dereito de asociación.
- II. A Asociación é de duración indefinida e desenvolverá as súas actividades en Galicia sen prexuízo de que poida desenvolver de xeito ocasional actividades fóra dela.
- III. Fíxase o domicilio social na sede do Museo de Historia Natural – Parque de Vista Alegre – 15782 Santiago de Compostela.

### *Artigo 2º*

A Asociación é unha entidade civil, con personalidade xurídica plena, e cuxo obxectivo é a promoción, do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela, e a colaboración co MHN coa finalidade de protección dos recursos naturais especialmente no relativo as funcións que debe cumprir un museo de ciencias naturais: científicas, culturais, educativas e recreativas, tanto para os membros da Asociación coma para o público en xeral.

### *Artigo 3º*

Para acadar os fins propostos faise necesario levar a cabo as actividades que aquí se formulan as cales se desenvolverán por medio de acordos específicos co Museo, cando fose necesario. Entre as actividades para desenvolver están:

- 3.1.- A promoción, creación e intercambio de material científico e cultural.
- 3.2.- O establecemento de relacións de colaboración con organismos oficiais ou privados, así como con outras asociacións semellantes e/ou complementarias.
- 3.3.- A promoción de actividades educativas que ensinen aos cidadáns galegos e, en particular, aos nosos escolares o coñecemento, goce e respecto pola Natureza.
- 3.4.- O elaboración de materiais didácticos. A organización de conferencias, cursiños, etc.
- 3.5.- A convocatoria de premios, concursos, certames e, en xeral, a adopción de iniciativas que potencien unha maior calidade da divulgación e a educación científica.
- 3.6.- Calquera actividade compatible cos fins da Asociación.

## **II. Socios/as**

### ***Artigo 4°***

Poden formar parte da Asociación as persoas xurídicas e as persoas físicas maiores de idade con capacidade de obrar, que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación. Asemade poderán formar parte os menores co consentimento expreso das persoas físicas ou xurídicas que deban suplir a súa capacidade.

Os acordos de admisión de asociadas e asociados tomaraos a Xunta Directiva unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida

A Asociación está formada por socios/as fundadores, socios/as numerarios, socios colectivos, e socios/as de honra.

### ***Artigo 5°***

Como corresponde a unha Asociación democrática, todos os seus membros gozan dos mesmos dereitos e obrigas respecto da Asociación con independencia da súa nacionalidade, raza, relixión, etc.

### ***Artigo 6°***

Son socios/as fundadores todos aqueles socios/as que se inscriban e teñan pagada a cota anual antes da celebración da primeira Asemblea Xeral.

### ***Artigo 7°***

Son socios/as numerarios todos os que están interesados de xeito activo na promoción do MHN e das súas actividades, soliciten a súa admisión por calquera medio escrito ao secretario e paguen a cota establecida. Os socios/as numerarios poden beneficiarse dos servizos da Asociación de acordo coas condicións especiais para asociados que en cada caso fixe a Xunta Directiva.

### ***Artigo 8°***

Todas as persoa xurídicas interesadas nas funcións da Asociación poden ser socios colectivos sempre que soliciten a súa admisión por calquera medio escrito ao secretario e paguen a cota correspondente. Os socios colectivos designarán unha persoa que os representará na Asemblea Xeral.

Os socios menores de 18 anos que participen na asociación estarán integradas na sección xuvenil e poderán facer propostas conxuntas á Asemblea Xeral sen que computen a efectos de quórum daquela.

### ***Artigo 9°***

A proposta de polo menos dous dos seus membros a Xunta Directiva poderá acordar o nomeamento coma socios/as de honra a aquelas persoas ou institucións que se teñan distinguido polas súas achegas ou os seus servizos ao Museo ou a Ciencia. Os membros de honra non pagan cota

nin exercen o dereito ao voto, aínda que teñen dereito de voz nas asembleas.

#### ***Artigo 10º***

Todos os asociados/as deben respectar os Estatutos e Regulamentos da Asociación, e acatar os acordos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva. Ademais, veñen obrigados a:

- O pago das cotas correspondentes a súa condición de asociados.
- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos
- Cumprir os acordos validamente adoitados polos órganos da asociación
- Ter unha boa conduta cívica

#### ***Artigo 11º***

Todos os asociados/as terán dereito a:

- Recibir información das actividades da Asociación
- Participar con voz e voto na Asemblea Xeral
- Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei a os Estatutos
- Os socios/as numerarios teñen dereito a presentar a súa candidatura á Xunta Directiva
- Os socios de honra aínda que non teñen dereito de voto, teñen dereito de voz
- Os asociados menores de 18 anos non poderán intervenir na dirección da asociación nin nos órganos de representación

#### ***Artigo 12º***

Os socios non son persoalmente responsables das débedas e responsabilidade contraídas pola Asociación.

#### ***Artigo 13º***

A condición de socio/a pérdese:

13.1 Pola notificación escrita de dimisión do interesado dirixida ao secretario da Xunta Directiva.

13.2 Por non satisfacer as cotas na forma establecida.

13.3 Por falecemento ou, no caso de persoas xurídicas, por extinción da persoa xurídica.

13.4 Por incumprimento grave e reiterado dos deberes dos socios/as que figuran nestes Estatutos. A Xunta Directiva pode decidir a perda da condición de asociado de xeito provisional, logo de ter informado ao asociado dos feitos que se lle imputan quen poderá alegar o que estime conveniente na súa defensa. Neste caso a decisión precisa ser ratificada pola Asemblea Xeral, coa aprobación dos seus dous terzos dos asistentes.

### **III. Órganos de Gobierno e representación**

#### **Artigo 14º**

Os órganos de goberno e representación da Asociación son:

- 14.1 Asemblea Xeral.
- 14.2 Xunta Directiva
- 14.3 Presidente

#### **Artigo 15º**

15.1.- A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno da Asociación e exerce todos os seus dereitos. Está constituída por todos os seus socios/as.

15.2.- As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A Asemblea Xeral Ordinaria deberá reunirse polo menos unha vez ao ano e dentro dos seis primeiros meses seguintes ao peche do exercicio.

15.3.- As convocatorias de Asemblea Xeral Ordinaria poderán facerse por medios electrónicos ao enderezo electrónico que os socios sinalen

15.4 A Asemblea Xeral será convocada polo presidente da Xunta Directiva, xa sexa en sesión ordinaria ou extraordinaria, designando data, hora e lugar para a súa celebración, ou por petición escrita de a terceira parte da Xunta Directiva ou da décima parte dos seus Membros Numerarios. A convocatoria debe incluír necesariamente a orde de asuntos a tratar, e haberá de convocarse cun mínimo de 15 días de antelación á súa celebración.

15.5 As Asembleas Xerais tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria cando estean presentes alúmenos un terzo dos membros con dereito a voto.

15.6.- Os acordos tomaranse por maioría simple dos socios presentes cando os votos afirmativos superen aos negativos. Non son computables para estes efectos os votos en branco, nin as abstencións.

15.7 Será necesario maioría cualificada dos socios presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos asistentes, en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para:

- a) A elección da Xunta Directiva.
- b) Disposición ou alleamento de bens da Asociación.
- d) Modificación de Estatutos.
- e) Disolución da Asociación.

15.8 Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, de ser o caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Fixar as cotas ordinarias o extraordinarias.
- d) Todas as demais atribuídas pola lexislación vixente en materia de asociacións e os Estatutos.

## ***Artigo 16°***

16.1.- A Xunta Directiva formada polo presidente, vicepresidente, tesoureiro, secretario e os vogais, é o órgano executivo da Asociación e terá un número de membros numerarios non inferior a cinco nin superior a once segundo o determine a Asemblea Xeral. Os cargos de presidente, e secretario, son obrigatorios e non poden recaer na mesma persoa.

16.2 Os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de catro anos, e poden ser reelixidos tantas veces se desexe. Estes cargos serán honoríficos e sen remuneración. Poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito a Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas ou por expirar o mandato.

16.3 A elección dos cargos da Xunta Directiva farase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada polo menos con quince días de antelación. Os votos serán persoais e secretos e o recuento será inmediato e público. A proclamación das persoas elixidas farase trala obtención dunha maioría cualificada de votos.

16.4 Son funcións da Xunta Directiva:

- Someter a aprobación da asemblea a o orzamento anual de ingresos e gastos , así como estado das contas do ano anterior
- Propoñer a Asemblea Xeral a fixación das cotas de socio
- Resolver as solicitudes de admisións de novos socios
- Propor plan de actividades
- Aquelas que non teñan atribuídas os outros órganos da asociación

16.5 A Xunta Directiva reunirse tantas veces o dispoña o seu presidente e a iniciativa ou petición dun terzo dos seus membros. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán seren tomados por maioría simple de votos. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade.

## ***Artigo 17°***

O presidente ostentará a representación da Asociación diante de toda clase de autoridades ou persoas, individuais, xurídicas ou sociais, tanto xudicial coma extraxudicialmente, bancaria ou extrabancariamente,

podendo acordar e realizar todo o relativo ao desenvolvemento dos fins da Asociación. Para este efecto ademais dos actos ordinarios de administración que esixa a consecución e desenvolvemento natural dos fins da Asociación, poderá subscribir toda clase de contratos de adquisición, alleamento, obrigación ou gravame de bens de todas clases tanto mobles coma inmobles e dereitos permitidos e regulados polas leis, sen excepción ningunha, na forma e baixo as condicións que estime conveniente para os fins e intereses da Asociación.

#### ***Artigo 18°***

A Presidencia da Xunta Directiva, sen prexuízo das delegacións ou apoderamentos que acorde a Xunta Directiva, ten as seguintes funcións:

- 18.1.- Representa legalmente a Asociación e a súa Xunta Directiva.
- 18.2.- Convoca, preside e dirixe as reunións da asemblea e da xunta directiva.
- 18.3.- É o principal voceiro da Asociación.
- 18.4.- Supervisa todas as actividades da Asociación.
- 18.5.- Executar os acordos da xunta directiva e da asemblea xeral
- 18.6.- Ordenar os pagamentos acordados validamente

#### ***Artigo 19°***

O vicepresidente/a desempeñará en ausencia, enfermidade ou imposibilidade accidental do presidente/a, todas as funcións que a este lle correspondan. En caso de que quede vacante o cargo de presidente/a, ocuparao o vicepresidente/a automaticamente ata a seguinte Asemblea Xeneral.

#### ***Artigo 20°***

As competencias do secretario/a serán:

- 20.1.- Levantar acta das Asembleas Xeras e Reunións da Xunta Directiva e certificar os correspondentes acordos co visto e prace do presidente.
- 20.2.- Enviar as convocatorias e notificacións da Asociación.
- 20.3.- Encargarse do Arquivo da Asociación.
- 20.4.- Xestionar cos órganos competentes das Administracións Públicas cantos documentos fosen necesarios co fin de obter e manter o recoñecemento de Asociación sen fins lucrativos.
- 20.6.- A organización de actividades propias da Asociación que acorde a Xunta Directiva.

#### ***Artigo 21°***

As competencias do tesoureiro/a serán:

- 21.1.- Recibir e dar recibos por todos os fondos que se manexen na Asociación.
- 21.2.- Recadar e custodiar os fondos pertencentes a Asociación e depositalos nunha conta bancaria a nome da Asociación.

21.3 Preparar as contas anuais da Asociación, así como a liquidación do presuposto e elaborar o Presuposto do exercicio seguinte.

## **IV. Patrimonio**

### ***Artigo 22°***

Os recursos da Asociación estarán formados por:

23.1.- As cotas que aboarán os membros numerarios e colectivos asociados.

23.2 Os legados e doazóns de centros e entidades públicas ou privadas, así como de particulares.

23.3 As subvencións que poida obter xunto cos beneficios que ponderán obterse de calquera tipo de actividade, económica ou non, dentro dos fins da Asociación.

23.4.- Calquera outro recurso lícito.

### ***Artigo 23°***

A Asociación carece de patrimonio fundacional. A Asociación levará unha contabilidade actualizada do seu patrimonio e da situación financeira, así como un inventario do seu patrimonio. O exercicio económico da Asociación comezará o día 1 de xaneiro e pecharase o 31 de decembro de cada ano.

### ***Artigo 24°***

O presuposto anual será a suma correspondente ás cotas dos seus membros e aos ingresos procedentes de donativos, actividades, herdanzas, legados ou subvencións que reciba a Asociación de xeito público ou privado.

## **V. Disolución**

### ***Artigo 25***

A Asociación poderá disolverse polas seguintes causas:

- a. Voluntariamente cando así o acorde unha maioría cualificada dos asociados presentes ou representados na Asemblea Xeral convocada para tal efecto.
- b. Por resolución xudicial ou administrativa co efectos previstos na mesma.
- c. Por causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.

No caso de disolución da Asociación, nomearase unha comisión liquidadora, a cal unha vez extinguidas as débedas e reintegrado ao Museo, no seu caso, os remanentes de achegas efectuadas, se existise sobrance líquido, destinarase ao Museo de Historia Natural da USC.

Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, que regula o Dereito de Asociación.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo o non previsto nos presentes Estatutos rexerá o disposto na vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, xunto co coa lexislación complementaria que poida ser de aplicación.

## **ANEXO MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

A Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC, na súa reunión do 14 de novembro de 2016, aprobou as seguintes modificación dos Estatutos

No apartado II. Socios/as, engadir unha nova categoría de socios patrocinadores  
Modificación do artigo 15.5 en relación aos socios necesarios para constituír a asemblea en segunda convocatoria. A nova redacción é: “en segunda convocatoria cos socios presentes con dereito ao voto”.